

Unha serea cantante ou unha cova parlante

A lenda da Serea Maruxaina



//Afundación

Obra Social ABANCA

Imaxe da cuberta:

Urbano Lugrís, Serea alada

ABANCA Colección de Arte

Dedicado ás sereas silenciosas
para que nunca deixen de cantar.

1. San Cibrao de Cervo de Arriba, San Cibrao de Cervo de Abaixo



Esta é a historia dunha pequena vila, dunha pequena comunidade,
dun pequeno país, dun pequeno mundo, nun grande universo...
Esta pequena vila, dunha pequena comunidade, dun pequeno país,
dun pequeno mundo, nun grande universo, chámase San Cibrao
de Cervo...

San Cibrao de Cervo é unha bonita vila mariñeira con vistas a un
arquipélago de pequenos illotes chamados illas Farallóns, tres illas,
cada cal máis pequena e máis bonita que a anterior, sendo a máis
pequena, segundo din as xentes do pobo, a máis bonita de todas:
A Sombriza.

A cuestión é que estas belas paisaxes de San Cibrao con vistas ao mar Cantábrico e ás illas, estaban tinguidas dunha acesa polémica que tiña dividida e pelexada a xente do pobo. Había enfrontamentos ata o punto de que aquela vila mariñeira estaba dividida en dous, e xamais, xamais as xentes dun lado paseaban polas rúas do outro, e nunca, nunca se falaban nin intercambiaban unha soa palabra, e se o facían, era só para discutir. Ben é verdade que conseguían amigarse os domingos e as festas de gardar. Era coma unha pelexa con descansos.



A cuestión é que o desencontro de San Cibrao aparecía nos mapas, San Cibrao estaba dividido en dúas mini-vilas. Por unha banda estaba San Cibrao de Cervo de Arriba; e por outro, San Cibrao de Cervo de Abaixo. Con todo, no ilustre Palacio de quen goberna non estaban de acordo coa división deste fermoso pobo mariñeiro, era inadmisíble e complicaba moito a realización dos mapas.

Foi o presidente que máis manda no Palacio do Goberno, un tal a súa maxestade Morcego, o mandador máis mandador de todas as persoas que mandan, o que deu unha puñada na mesa e quixo acabar con esta división tan bárbara. Morcego, un gobernante entradiño en carnes e amigo de falar sen dicir moito, ordenou chamar pola alcaldesa para aclarar este punto o máis axiña posible, e rematar para sempre con esa parvada de que un pobo estea dividido en dous.

A alcaldesa do pobo de San Cibrao de Cervo de Arriba e de San Cibrao de Abaixo chamábase Mariña, e facía as veces de alcaldesa, de profesora de escola e de mariscadora. Son cousas que pasan nos pobos pequenos, que as xentes teñen moitas profesións e ademais, unha horta.

Mariña herdara o título de alcaldesa do seu pai, un coñecido carpinteiro de ribeira deses que facían as barcas como poucas persoas podían facer.

Mariña era unha muller de ben, pero estaba ata as fibelas das pelexas de San Cibrao, a súa veciñanza estaba sempre discutindo e a ela íanlle cos seus constantes desencontros e as súas continuas queixas. Coma se non tivese nada mellor que facer!

Mariña, que non vivía nin nun lado nin no outro do pobo, vivía nos arredores, non comprendía ben semellante división en San Cibrao,

o seu pai contáralle algo sobre unha antiga historia que provocara esta ruptura, pero a verdade é que Mariña non podía lembrala. E agora chamábana do palacio do goberno, nin máis nin menos que a súa Alteza Real, o gordecho Señor Morcego, para ir dar unha explicación. Como ía poder explicarlle ela ás autoridades e a presidencia, e a consellerías e ministerios semellante historia e semellante división, se nin ela mesma a comprendía?


Mariña comezou a preocuparse, quizais esquecera que nunca é bo ter un pobo enfrontado, aínda que só sexa a intres, e sentiuse mala alcaldesa por non preocuparse demasiado. Debía poñerse ao choio e coñecer a orixe de semellante situación. E para iso debía recorrer á persoa máis anciá do pobo. Curiosamente, esa persoa era o seu pai, o home ao que todos chamaban o Avó de San Cibrao.

O problema é que o pai de Mariña estaba moi maior e, aínda que sabio, ás veces estaba despistado e absorto e non sempre podía comprender todo o que dicía. Ademais, o pai de Mariña, o avó de San Cibrao, tiña unha peculiar maneira de contar as cousas, sempre utilizando termos de carpinteiro e de mar. E Mariña non sempre lograba comprender todo o que o ancián quería contar. Aínda así, alá foi Mariña a consultar.

Aproveitou ademais que era a noite de San Xoán, e cunhas sardiñas na grella e un bo anaco de pan de broa, Mariña dispúxose a escoitar.

O pai de Mariña suspirou e con voz profunda contoulle:

—As xentes de San Cibrao somos coma a madeira. A madeira pódese tallar, pintar, vernizar, pero nunca deixará de ser madeira. San Cibrao e as súas xentes son coma as madeiras nobres, xentes de fortes conviccións e ideas, personalidades duras que loitaron contra fortes temporais e condicións difíciles, e a súa esencia é máis ben testana. Esa é a razón, Mariña. Esa... e a Maruxaina.



—Maruxaina? —Dixo Mariña.— A serea Maruxaina é a que está detrás de todo isto?

—Si—contestou o ancián.

Mariña non podía crer que a división do seu pobo fose por mor da antiga lenda dunha simple serea.

—Non podo crer que por unha estúpida serea teñamos o pobo dividido e eu teña que viaxar a explicarllo á súa Alteza Real Morcego! Coma se non tivese nada mellor que facer!


O pai de Mariña mirouna con dureza. Mariña gardou silencio. O ancián reclinouse e seguiu falando:

—Maruxaina é un tema moi serio, Mariña. Ningún membro deste pobo, e menos ti, debería consideralo simple ou estúpido...

2. O canto da serea

San Cibrao de Cervo é unha localidade que sempre viviu do mar. Ao mar debémollos todo, mais o mar non foi sempre un lugar fácil ou sinxelo. Navegalo, comprendelo e faenar para conseguir alimento, foi unha das batallas máis duras que tivemos que librar as xentes de San Cibrao. Ao fin e ao cabo somos uns simples mariñeiros fronte ao inmenso mar e as súas inclemencias, os seus ventos e as súas tormentas. A única salvación que tiveron os mariñeiros fronte tanto perigo foi a Maruxaina, a serea que habita na terceira illa das Farallóns, a illa da Sombriza.

Conta a lenda que cando vai desatarse unha forte galerna, Maruxaina sae a cantar para persuadir os mariñeiros de que non saian a faenar. Houbo un tempo en que as malas linguas a consideraban unha bruxa, unha meiga malvada que facía as embarcacións embarrancaren contra as rochas. Mais todos sabemos que cando Maruxaina canta, non se pode saír a pescar. E o que ignora os seus cantos e sae ao mar, non regresa xamais.



Deberíamos enorgullecernos de ter unha serea... Cantas localidades hai no mundo que teñan a súa propia serea? Cantas sereas hai no mundo que leven o nome dos paxaros que voan á terra cando se desata unha tormenta no mar?

Con todo, non todos neste pobo puideron deixalo pasar e uns cantos curiosos a Maruxaina quixeron pescar. Foi unha noite de tormenta. Contan que os raios partían o ceo en dous, chovía sen parar, e o vento sopraba tan forte que non se podía camiñar. Maruxaina levaba horas cantando, as naves decidiron, grazas ao seu aviso, non saír a faenar. Pero un grupo de incautos subiu nunha embarcación e emprendeu o camiño para illa a pescar.

Aquí é onde a historia divide o pobo. Os descendentes dalgúns homes e mulleres din que conseguiron pescar e xulgar a Maruxaina por asustar os mariños nas noites de tormenta. Outros, en cambio, din que aqueles homes nunca conseguiron apresar a Maruxaina, e que na illa o único son que hai é o do vento ao chocar contra as

paredes das covas, e que ese son o confundimos cos cantos dunha serea.

Desde entón, os que cren no poder do cántico da Maruxaina viven nun lado do pobo, no lado máxico de San Cibrao. Outros, en cambio, os do outro lado, negan a súa existencia, e defenden que o son procede das covas, que alí non hai nada máis. E son ben poucos, a verdade.

O ancián suspirou e engadiu: —Son as dúas caras dunha mesma moeda, Mariña. Sexan os cantos dunha serea ou unhas covas que poden berrar, en San Cibrao cando soa algo na Sombriza, os mariñeiros non saen a faenar. E iso sálvanos a vida.

A noite de San Xoán entrou en San Cibrao, e o pai de Mariña marchou a descansar.

3. De como defender e apreciar as peculiaridades de cada lugar

Mariña estaba nerviosa aquela mañá. Viaxara desde o seu pequeno pobo ata o Palacio da Gobernación para explicar a peculiaridade da súa terra, San Cibrao. Se San Cibrao quería ser medio máxico, medio real, era unha cuestión de identidade. As súas xentes, aínda que divididas, eran boas xentes de mar, e as súas historias e tradicións, por moi pequeno que fose o seu pobo, habería que facelas respectar. A división entre sereístas e covistas non se podía cambiar.



Urbano Lugrís. Paisaxe coas Illas Cíes
Colección de Arte Afundación

Aínda que Mariña temía a Morcego, este tivo pouco que dicir. O seu traxe, a súa gravata e a súa cadeira de brazos dourada nada puideron argumentar contra unha das máis belas historias galegas de sereas e do mar.

//Afundación

Obra Social ABANCA